ADISBISMUR

Asociación Discapacitados da Bisbarra de Muros

ACTIVIDADES 2024



ADISBISMUR

Información e Asesoramento a Persoas con Discapacidade no ano 2024

Información e Asesoramento

- Ten como obxectivo dar resposta as necesidades das persoas con discapacidade, ás súas familias, aos profesionais implicados nos temas da discapacidade e a entidades públicas e privadas.
- Durante o ano 2024 acudiron a este servizo un total de 270 persoas, 86 foron consultas presenciais e 84 consultas mediante chamada telefónica

ADISBISMUR

Voluntariado

O proxecto de voluntariado desenvólvese en colaboración coa COGAMI.
Os servizos que presta ADISBISMUR son os seguintes:

- Tramitación e xestión dos protocolos de voluntariado
- Información e asesoramento en temas de voluntariado
- Formación aos voluntarios
- Entrevistas ás persoas que queren participar como voluntarias
- Reunións co grupos de voluntarios

ADISBISMUR conta normalmente con 10 persoas voluntarias para a realización das diferentes actividades de ocio e tempo libre,, tamén algunhas/uns das traballadoras/es da Asociación realizan tarefas de voluntariado fora do horario laboral. Neste ano 2024 realizaronse diversas charlas polos colexios e institutos dos concellos para a captación de voluntarios.

ADISBISMUR

FORMACIÓN QUE RECIBEU O PERSOAL DE ADISBISMUR :

ADISBISMUR

Durante o ano 2024, o persoal do centro asisteu as seguintes actividades formativas:

Intelixencia emocional para docentes 60 hora
Alteracións emocionais e conductuais en demencias 30 horas
Xestión de contidos dixitais 60 horas
Ximnasia cerebral II 12 horas
As prácticas restritivas. A detección e claves para a súa redución.32 horas
Excel 365 60 horas
Formador de formadores 60 horas
Deseño Gráfico 60 horas
Implantación do plan de igualdade 9 horas
Auditoría retributiva 5 horas
Educación inclusiva para o alumnado con autismo: formación integral para docentes 35 horas
Envellecemento en discapacidad 40 horas
Prevención de riscos en postos de persoal sociosanitario.2 horas
Deseño de proxectos e solicitude de subvencións para profesionais da pedagoxía e psicopedagoxía 30 horas
Microsoft 365 28 horas

ADISBISMUR

Servizo de Integración Laboral (SIL)

ADISBISMUR presta este servizo por medio da COGAMI, que envía un profesional, para que entreviste e asesore as persoas con discapacidade da bisbarra que así o soliciten, co fin de facilitar a súa inserción laboral.

No ano 2023:

Novos usuarios incorporados a bolsa do Sil: 4

- Muros: 3
- Mazaricos:0
- Outes: 1
- Carnota: 0

ADISBISMUR

Entrevistas de Orientación realizadas:64

- Muros: 11
- Carnota: 1
- Mazaricos:4
- Outes:16

Novas empresas visitadas: 1

Persoas insertadas: 26

- Muros: 3
- Mazaricos: 0
- Outes: 7
- Carnota:1

ADISBISMUR

Servizo de Respiro Familiar

Seguimos realizando o programa de respiro familiar de fin de semana para as persoas con discapacidade da nosa bisbarra,

ADISBISMUR

Charlas de concienciación social

Durante o ano impartironse as seguintes charlas e talleres nos colexios e institutos da Bisbarra:

-A educación inclusiva
-Deporte adaptado
-Obradoiros de cestería e cerámica
-Charlas de prevención de lesións medulares
-Charlas para captación de voluntariado

ADISBISMUR

Actividades Centro de Recursos de Valadares

ADISBISMUR

Alfabetización

A actividade de alfabetización asistiron un total de 49 usuarios/as (17 mulleres e 32 homes) O horario de esta actividade foi de luns a xoves de 10 a 12 da mañá, na aula tratamos de garantir a atención personalizada e adaptada a cada persoa .

O obxectivo xeral é fomentar o desenvolvemento das competencias básicas de lectura, escritura, e cálculo, das persoas con discapacidade, promovendo a súa autonomía persoal, a inclusión social e o acceso a unha vida máis plena e significativa, adaptando os procesos de aprendizaxe ás súas necesidades individuais.

ADISBISMUR

Informática

Na aula de informática seguimos levando a cabo unha estratexia educativa baseada no emprego das TIC, para o desenvolvemento persoal dos/as usuarios/as.Traballamos para que os/as usuarios/as adquiran coñecementos, técnicas e información, que permitan incrementar a participación na vida comunitaria e incrementar a autonomía persoal e social.

ADISBISMUR

- # Logopedia

  A logopedia asistiron 15 usuarios/as, todos/as presentaron problemas de comunicación en xeral ou algunha alteración ou trastorno nos procesos asociados á comprensión e produción da linguaxe de calquera tipo (oral, escrito, xestual). O horario de logopedia foi de luns a venres de 10 a 13:30 e de 15 a 17.

Con cada persoa traballase individualmente segundo a problemática que presente

ADISBISMUR

- **PEDAGOXIA**

A área de pedagoxía asistiron diariamente 47 persoas con discapacidade . Para levar a cabo este programa, establecéronse uns obxectivos xerais de actuación que posteriormente se individualizaron en funcións das características e necesidades de cada usuario/a.
Entre os obxectivos xerais atópanse:
Conservar habilidades xa adquiridas.
Adquirir novas habilidades funcionais no día a día.
Fomentar a orientación á realidade: orientación temporal, espacial, persoal…
Ralentizar /frear a perda de habilidades en casos de deterioro cognitivo.
Dotar de estratexias que favorezan a autonomía nas actividades do día a día.
Introducir sistemas de comunicación alternativos: pictogramas, signos…
Estimular funcións cognitivas: atención, memoria, planificación, razoamento, control inhibitorio, flexibilidade…
Intervir en condutas sociais desaxeitadas.

ADISBISMUR

Fisioterapia

Durante o ano 2024 levouse o cabo o tratamento fisioterapéutico de 12 persoas, nun horario de 10:00 a 17:00 h con diferentes obxectivos clínicos. En dez de eles/elas o obxectivo principal foi a mellora da capacidade funcional, mentres que nos/nas dous/dúas restantes enfocámonos na resolución de alxias.

Dentro da mellora da capacidade funcional focalizámonos, na reeducación da marcha, mellorar a mobilidade articular, a forza muscular, o equilibrio e a resistencia física.

Ca resolución de alxias tentouse reducir a dor, tanto aguda como crónica e a restauración funcional das áreas afectadas.

ADISBISMUR

Terapia Ocupacional

A intervención dende TO dirixiuse a 41 usuarios/as, cos/cas que se traballou unha hora semanal. Os obxectivos estaban dirixidos a lograr a autonomía da persoa con discapacidade, cunha mellora do 56.09% dos/das usuarios/as que participaron nas sesións. Traballaouse nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria, no manexo do euro, a potenciación de funcións cognitivas participativas, etc.

Educación Social

No ano 2024 atendéronse un total de 27 persoas

As características principais dos/as alumnos/as foron:

Déficit de atención, atraso no desenvolvemento cognitivo e grafomotricidade.
Dificultades na comunicación verbal e escrita.
Problemas de socialización e aceptación de normas.
Diversidade de necesidades cognitivas, emocionais e sociais.

O obxectivo xeral era fomentar a participación, integración e cooperación nas actividades grupais, mellorando as relacións sociais, culturais e familiares das/os usuarias/os.

ADISBISMUR

HABILIDADES SOCIAIS:

AFEITADO:

O afeitado é unha actividade fundamental que busca fomentar a autonomía dos/as participantes. Desenvolveuse os martes, xoves e venres, de 10:00 a 10:30.

Obxectivo xeral: Preparar os utensilios necesarios para realizar o afeitado de forma autónoma.

Obxectivos específicos son:
Identificar os utensilios necesarios.
Mellorar a destreza e habilidade manual.
Realizar a tarefa con constancia.

Limpeza buco-dental: O obxectivo xeral era que os/as usuarios/as adquiriran unha correcta hixiene dental.

- Identiificar todas as partes da boca e a súa limpeza.
- Conseguir maior destreza e habilidade.
- Manter unha rutina na realización da tarefa.

Nº Usuarios/as: Todos/as

Horario: todos os dìas despois de comer.

Limpeza de Baños:

A limpeza de baños é unha actividade instrumental da vida diaria, tivo unha duración dunha hora nas mañás (10:00-11:00) e tardes (16:00-17:00) dos martes e xoves. Acudiron un total de 40 usuarios/as. Que estiveron repartidos/as nas catro quendas, 17 nas dúas quendas dos baños de arriba e 23 nas dúas dos baños de abaixo.
O que se pretendeu acadar foi que o/a usuario/a conseguise unha maior destreza e hábitos necesarios para poder realizar traballos en equipo e individuais e así adquirir unha maior autonomía.

O obxectivo xeral era conseguir realizar a tarefa de xeito autónomo.

Manexo da lavadora:

A esta actividade asistiron 13 usuarios/as,. Tivo lugar de luns a venres en horario de mañá. Nel tratouse de ensinar o funcionamento e a posta en marcha da lavadora, diferenciar os distintos tipos de lavado, a roupa de cor e negra e o dobrado.

O obxectivo xeral era ser autónomo/a na posta da lavadora e no tendido da roupa.

Ferranchado da roupa

O ferranchado de roupa realizouse individualmente con supervisión da monitora de luns a xoves entre ás 11:00 e ás 12:00 horas. Acudiron a ela un total de 11 usuarios/as . Cada un/unha deles/as fixo esta práctica dúas mañás por semana cunha duración de 15 minutos aproximadamente, en función do grupo no que lle tocase, os luns e os martes ou os mércores e os xoves.

O obxectivo xeral era fomentar a autonomía persoal na actividade do ferranchado e do dobrado.

ADISBISMUR

Atado de Cordóns:

Esta actividade buscaba que as persoas con discapacidade lograran maior independencia. Realizouse de luns a xoves, de 10:00 a 12:00, e organizouse en dous grupos.

Obxectivo xeral: Conseguir realizar o primeiro nó.

Obxectivo específico: Mellorar a destreza na coordinación e motricidade fina necesaria para atar cordóns.

Nº Usuarios/as: 7

ADISBISMUR

COMPRA SEMANAL: O obxectivo xeral era que os/as usuarios/as se desenvolveran de xeito autónomo facendo a compra no supermercado.

- Orientarse dentro do espazo de compra.
- Identificar os produtos que se necesita mercar.
- Facer o pago de xeito correcto.

Nº Usuarios/as: 2 semanais

Horario: Luns pola mañan .

Manexo do reloxo:

A actividade centrada no uso do reloxo pretendeu facilitar a comprensión e o manexo do tempo en persoas con diversidade funcional. Levouse a cabo de luns a xoves de 10 a 12 horas na aula de informática.

Obxectivo xeral: Colocar as horas nunha plantilla.
Os obxectivos específicos eran:
-Identificar a hora do día.
-Diferenciar as agullas do reloxo (horas e minutos).
-Comprender as horas “en punto”.

Nº Usuarios/as: 13

Horario: Martes e Xoves:

Dúas quendas dunha hora cada unha.

ADISBISMUR

Manexo do Euro:

Esta actividade tivo como obxectivo principal mellorar a calidade de vida dos/as usuarios/as, ofrecéndolles unha aprendizaxe básica sobre o uso do diñeiro. Pretendeuse proporcionar estratexias para que puidesen realizar pequenas compras, mesmo sen precisar de coñecementos de leito-escritura ou cálculo matemático avanzado.

Ademais traballouse o desenvolvemento de habilidades sociais necesarias para realizar compras e adquirir certa independencia no manexo do euro en situacións cotiás.

Nº Usuarios/as: 20

Horario: Martes e Xoves: De 10:00 a 12:00h

(en dúas quendas)

Posta e Recollida do Comedor:

Nesta actividade participaron un total de 32 usuarios/as, divididos en varios grupos cada día da semana. O horario no que se colocaron os servizos nas mesas era de 12:00 a 12:30 e a súa recollida e posterior limpeza de 15:30 a 16:00.

O obxectivo xeral era incrementar a autonomía persoal na posta e recollida do comedor.

Os obxectivos específicos eran:

Reforzar hábitos de hixiene persoal.

Presentar iniciativa na actividade de posta e limpeza de comedor.

Adquirir unha maior destreza nas labores domésticas.

ADISBISMUR

Taller de Cociña:

A este taller asistiron 19 usuarios/as, divididos en catro grupos. Tivo lugar todos os mércores de 11:00 a 12:00 e cada grupo participaba un mércores ao mes, supervisado pola monitora responsable da actividade e polo cociñeiro.

O obxectivo xeral era propiciar a autonomía persoal na actividade de cociña.
Os obxectivos específicos eran
-Ter predisposición na actividade de cociña.
-Participar na manipulación e cociñado dos alimentos.
-Mellorar a destreza na cociña.

ADISBISMUR

Taller de Costura:

O taller de costura levouse a cabo os martes e os xoves de once a doce da maña, coa asistencia de 23 usuarios/as, doce homes e once mulleres. O taller estaba deseñado para persoas con discapacidades diversas, adaptando as clases e actividades a necesidades e niveis individuais de cada usuario/a

O obxectivo xeral era promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade mediante a ensinanza de técnicas de costura.

TALLER DE ANIMACIÓN Á LECTURA.

Esta actividade de animación á lectura estivo dirixida a un total de 25 usuarias/os, cunha composición do grupo formada por 10 mulleres (40%) e 15 homes (60%). As sesións desenvolvéronse na aula de informática, mantendo o horario habitual dos mércores, de 15:30 a 17:00 horas, cunha duración dunha hora por sesión.

O obxectivo xeral era fomentar o gusto pola lectura e o pensamento crítico.
Os obxectivos específicos eran:

- Facilitar a participación activa e a expresión de opinións propias.
- Estimular a creatividade e a imaxinación.
- Ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión lectora.
- Traballar a comprensión e a expresión oral e escrita.



Taller de Teatro

O obradoiro de teatro tivo lugar no Centro de Recursos de Valadares. 31 usuarios/as foron os/as que participaron, dos/as cales 11 foron mulleres e 19 foron homes, repartidos en tres quendas dous días a semana no seguinte horario, martes de 12:00h a 13:00h e os venres de 10:00h a 11:00h e de 12:00h a 13:00h.

OBXECTIVO XERAL

Estimulara a imaxinación e a creatividade, como tamén fomentar a integración social e autonomía.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Desenrolar a expresión corporal, verbal e rítmica
Estimular as capacidades cognitivas
Estimular e desenrolar a imaxinación e a creatividade.
Fomentar aptitudes de carácter social e interpersoal.

Taller Cestería

No taller de cestería tratamos de promover o desenrolo social e cognitivo das persoas con discapacidade mediante a práctica da cestería como actividade terapéutica e creativa.

Ao taller asistiron, durante o ano 2024, 46 usuarios/as (29 homes e 17 mulleres) rotándose en tres grupos semanalmente repartidos en 3 talleres diferentes : viveirismo, cerámica e cestería. O horario era de 15:30 a 17:00 da tarde.

OBXECTIVO XERAL:

Este taller trata de fomentar o desenrolo de habilidades manuais, a inclusión social e o benestar emocional ,a través dunha actividade artesanal ,que se adaptada as necesidades e capacidades de cada participante.

Taller de Viveirismo

Imparteuse en horario de 15:00h ata 17:00h de luns a venres, formando tres quendas que rotan cada semana. O total dos/as usuarios/as que participaron foi de 48 usuarios/as dos/as cales 32 foron homes e 16 mulleres.

OBXECTIVO XERAL :

Formación, inserción laboral e autonomía persoal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Relacionados co viveiro

Adquirir coñecementos básicos en técnicas de viveiros.

Empregar e distinguir ferramentas manuais básicas e profesional de batería ou gasolina.

Traballar a concentración e a continuidade nas tarefas.

Contribuír a adquisición de hábitos de traballo, seguridade, saúde e hixiene.

Taller Cerámica

Este taller , levouse a cabo en sesións de dúas horas diarias de 15:00 a 17:00 horas, coordinándose cos outros dous talleres de cestería e viveirismo en quendas de usuarios/as que van rotando semanalmente polos tres talleres. No ano 2024 pasaron por este taller 45 persoas .

Neste taller traballouse con barro de Buño e realizáronse actividades de modelado e creación de pezas tanto decorativas, como utilitarias, coa técnica de churros, traballando sobre torneta, con láminas elaboradas coa laminadora, con moldes de escaiola e de madeira; e coa prensa rotativa para a elaboración de grandes pedidos de pezas.

A maior parte da produción do taller centrouse en diferentes pezas como cuncas de viño, xerras, cazolas e pratos para festas gastronómicas e o deseño e elaboración de trofeos para eventos deportivos e sociais.

Taller de Manualidades

Esta actividade foi deseñada co obxectivo de fomentar o desenrolo persoal, social e cognitivo dos/as participantes.
Asistiron 49 usuarios/as, (32 homes e 17 mulleres) no horario de dez as trece horas, os venres.
O obxectivo xeral era Proporcionar un espazo creativo e terapéutico onde os/as usuarios/as expresan a sua destreza manual, fomentan o traballo en equipo

Bailoterapia

Os/as usuarios/as gozan desta actividade mellorando o seu estado de ánimo e adquirindo novas habilidades o cal incide na mellora física xeral e intentar, nalgúns casos, seguir mantendo as capacidades que xa tiñan.

Nesta actividade tivéronse en conta as distintas limitacións das persoas usuarias, promovendo as adaptacións necesarias en cada caso, para que todas elas as podan realizar e sexan totalmente partícipes.

A actividade estivo destinada a todas as persoas usuarias. Desenrolouse na pista de Baloncesto nos meses de outono e inverno, e na zoa de fora nos meses de primavera e verán. Cada sesión tivo unha duración de 1 hora , nas mañás dos martes e xoves de 12:15 a 13:15.

OBXECTIVO XERAL:

Mellora xeral da condición física do/a usuario/a.

Dinamicas grupais:

O obxectivo é fomentar as habilidades sociais e mellorar as relacións grupais

Nº Usuarios/as: 20

Horario: Venres de 10:00 a 12:00 h.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA:

O funcionamento da área de atención psicolóxica tivo, como obxectivo fundamental, promovelo benestar emocional e o crecemento persoal dos/as usuarios/as.

Ademais, establecéronse unha serie de obxectivos específicos que foron:

Diminuír a sintomatoloxía psicopatolóxica.

Acadar unha autoestima saudable.

Incrementar as habilidades sociais.

Melloralas competencias emocionais.

Lograr unha convivencia e interacción social adecuada entre os/as usuarios/as.

Nº Usuarios/as: 18

Horario: De luns a venres

Deportes e ximnasia de mantemento

O obxectivos xeral da actividade era mellorar as condicións físicas do/a usuario/a

Os obxectivos específicos eran :

-Mellora da forza e ton muscular.
-Aumento do rango articular e diminución da rixidez nas articulacións.
-Prevención de deformacións futuras.
-Integración das áreas afectas.
-Mellorar a motricidade grosa.

Nº Usuarios/as: 48
Horario: Luns, mércores e Venres, (1 hora)

Natación Terapeutica

A natación probablemente sexa un dos deportes máis inclusivos, xa que o/a usuario/a, no medio acuático pode realizar actividades que serían imposibles fóra do mesmo, grazas a anulación do efecto da gravidade.

Nº Usuarios/as: 28
Horario: Mercores (11:00 a 13:30h)

Excursións, saídas e outras actividades de lecer


















365
POLA IGUALDADE
8M
DIA INTERNACIONAL
DA MULLER



14/01/24: XIII Festival Benéfico Adisbismur na casa da cultura de Outes.
21/01/24: XIII Festival Benéfico Adisbismur na casa da cultura de Mazaricos.
30/01/24: Participamos na carreira solidaria que organiza o colexio de Outes.
12/02/2024: Festa de entroido onde facemos un concurso de disfraces.
13/02/24: Martes de Entroido onde facemos unha festa e comida no centro ocupacional xunto cos/as usuarios/as do centro de dia de maiores de Outes.
14/02/24: Participamos no concurso de comparsas no enterro da sardiña do concello de Outes.
21/02/24: Asistimos como público a obra de teatro “TRANSIR” da compañía vasca Rojo Telón , na casa da cultura de Outes.

20/03/24: Obradoiros de cestería e cerámica no Instituto de Fontexería en Muros
21/03/24: Xornadas de Deporte Inclusiva, no Instituto de Fontexería en Muros
28 ,29 e 30 /03/24: Participamos na feira de Víndemo ver de Carnota, cun posto cos nosos produtos feitos polos/as usuarios/as e realizamos obradoiros de cestería e cerámica.
03/04/24: Concentración X Solidaria no campo de fútbol do Conchido de Outes.
08/04/24: Xornadas de portas abertas, onde nos visitan os alumnos do IES LAMAS DE CASTELO de Carnota.
13/05/24: Realizamos obradoiro de cestería e xornadas de deportes adaptado no instituto Lamas de Castelo en Carnota.
14/05/24: Asistimos como público a representación da obra de teatro MADE IN GALICIA na casa da cultura de Muros.

15/05/24: Realizamos obradoiro de cestería e xornadas de deportes adaptados no instituto de Lamas Castelo de Carnota.
21/05/24: Xornadas de Portas abertas onde nos visitaron e viñeron a coñecer as actividades que se realizaban no centro os alumnos de taller de memoria do concello de Outes.
23/05/24: Representamos as obras de teatro " OS DISKES E O CAMIÑO DE SANTIAGO" na casa da cultura de Muros.
01/06/24: Asistimos o FESTIGUAL a Cabana de Bergantiños, organizado pola Asociación Integro.
05/06/24: Excursión a praia de Broña.
21/06/24: Representación da Obra de teatro OS DISKES E O CAMIÑO DE SANTIAGO, na casa da cultura de Outes.
2/07/24: Excursión a Boiro, onde gozamos pola mañá do mercado e pola tarde da praia.
5,6 e 7/07/24: Xornadas Mariñeiras Muros Mira o Mar.

9/07/24: Excursión a granxa Escola en Betanzos.
11/07/24: Asistimos a Festa de San Cristovo de Corzón en Mazaricos
17/07/24: Churrascada a beira do Río Tines en Outes.
- **19/07/24:** Excursión a NATURMAZ no concello de Mazaricos.

23/07/24: Excursión o Parque Acuático de Cerceda.
31/07/24: Excursión a Praia de Broña en Outes.
3/08/24: II Festa dos Callos Adisbismur.
4/09/24: Excursión a Tomiño, a navegar polo río.
11/09/24: Excursión a Muxía; PROXECTO GAVEA.
17/09/24: Excursión a praia a San Francisco, Louro no concello de Muros.
26/09/24: Actividade de RED NATUR, a beira do río Tines en Outes.
27,28 e 29/9/24: Lecer Náutico Sanxenxo 2024.
04/10/24: Xornada Ecuestre, ca Asociación Amarai.

15,16,17,18,19,20,21e 22/10/24: Viaxe a Mallorca.
25/10/24: Participamos nos XOGOS POPULARES organizados pola asociación Integro.
30/10/24: Actividade Red Natur en Outes.
31/10/23: Co motivo do Samaín facemos un taller onde participan os/as usuarios/as ca temática de samaín e facemos festa de disfraces.
4/11/24: Visitamos o Coliseo Noela en Noia para ver unha curtas.
7/11/24: Un grupo de usuarios/as gozaron dunha xornada de Cine, no centro comercial As Cancelas en Santiago de Compostela.

25/11/24: Realizamos actividades e talleres no centro ocupacional co motivo do día contra a violencia de xénero.
3/12/24: Co motivo do día da discapacidade fixemos unha xornada de portas abertas no centro ocupacional e puxemos un posto cos nosos produtos feitos polos/as usuarios/as, nos concello de Carnota, Mazaricos, Outes e Muros
19/12/24: Fixemos a comida de Nadal, onde nos reunimos os/as usuarios/as e monitores/as e comemos na casa do Peto de Outes.
20/12/24: Festa de Papa Noel no centro social de Outes.
22/12/24: XIV Festival Benéfico Adisbismur na casa da cultura de Muros.

ADISBISMUR

REUNIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS:

ADISBISMUR

- **9/01/24:** Reunión no GALP en Noia, para tratar do proxecto TANZA
- **16/01/24:** Fina e Benigno reunense co xerente da Residencia de Arteixo, para ver como funciona a residencia.
- **30/01/24:** Reunión no GALP, para tratar o tema do novo proxecto deste ano 2024.
- **16/02/24:** Reunión Fina co concelleiro de Serivizos sociais de Muros para falar do tema dos transporte adaptado.
- **20/02/24:** Reunión no GALP para tratar tema da subvención da residencia e resolver dudas.
- **21/02/24:** Reunión no Concello de Outes ca concelleira Alba, para falar do tema da festa dos callos de ADISBISMUR.

- **05/03/24:** Reunión no concello de Muros, cos representantes de cultura, para falar do tema das mostras de teatro e si podemos colaborar representando algunha obra de teatro.
- **21/03/24:** Reunión telemática con Cogami para tratar o tema da subvencion do IRPF.
- **22/03/24:**Reunión co teniente alcalde de Outes, para falar da festa do Pampallin , si podemos colaborar este ano na festa.
- **23/05/24:** Asamblea de DELOA no castro de Baroña, onde asiste o presidente de ADISBISMUR.

ADISBISMUR

- **<u>24/05/24:</u>** Asamblea de COGAMI no Cegadi, asiste o presidente de ADISBISMUR.
- **<u>28/05/24:</u>** Reunión no GALP ,para falar do tema da subvención dos outeiriños.
- **<u>31/05/24:</u>**Asamblea CEGASAL, asiste Fina.
- **<u>12/06/24:</u>** Asamblea xeral Ordinaria e extraordinaria da Federación, no CEGADI asiste Fina.
- **<u>28/06/24:</u>** Reunión no GALP , para tratar do proxecto PINEA .
- **<u>29/07/24:</u>** Reunión no concello de Muros ca alcaldesa e concelleira Laura, para tratar temas de xardinería.

ADISBISMUR

SUBVENCIÓNS 2024

- XUNTA DE GALICIA: Programa de cooperación - 34.560 €
- DEPUTACIÓN A CORUÑA: Programa de rehabilitación – 21.200 €
- DEPUTACIÓN A CORUÑA: Equipamento en ordenadore- 10.355 €
- GAL-AULA DOS OUTEIRIÑOS: Formación en redes – 14.522 €
- FUNDACION ONCE: Programa autonomia persoal - 11.000 €
- _CONCELLO DE OUTES: teatro e musicoterapia 2.000 €
- CONCELLO DE MUROS: Taller de teatro 1.500 €
- GALP : Proxecto pinea (anos 2024-2025) 76.440 €
- CEGADI:Lecer e tempo libre 14.089 €